# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DE LATÍN (4º ESO)

# CURSO 2022-2023

## ÍNDICE

1. Introdución e contextualización……….…………………………………………………4

2. Composición do Departamento……………………………………………………………5

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliables………………………………………………………………….5

4. Concreción dos obxectivos do curso……………………………………………………6

5. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables…………………………………7

5.1.Temporalización………………………………………………………………..………14

5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia…………………………..31

6. Metodoloxía……………………………………………………………………………...33

7. Materiais e recursos didácticos……………………………………………………..35

8. Avaliación…………………………………………………………………………...…35

8.1. Avaliación inicial…………………………………...…..………………………35

8.2. Procedementos de avaliación…………………………………………………35

8.3. Instrumentos de avaliación……………………………………………………..37

8.4. Criterios de avaliación…………………………………………………………..38

8.5. Criterios de cualificación…………………………………………………..……40

8.6. Avaliación final de xuño…..……………..............……………..……………42

8.7. Organización das actividades de seguimento e avaliación da materia pendente……………………………………………………………………………….…..42

8.8. Criterios de promoción e titulación…………………………………………….42

8.9. Contidos mínimos esixidos para aprobar a materia de Latín………………....42

9. Medidas de atención á diversidade……………………………………………………..….**44**

10. Os contidos transversais……………………………………………………………………**44**

11. Actividades complementarias e extraescolares…………………………………………..**46**

12. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente…………**46**

13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora……………………….…………**47**

14. Plan de adaptación ao contexto da covid-19……………………………………….….**48**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé, ao mesmo tempo, no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona, mediante a comparación, unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de Bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O IES Plurilingüe Pedra da Aguia está situado na localidade de A Ponte do Porto, concello coruñes de Camariñas.

Neste curso académico 2021-2022, o centro acollerá 160 alumnos e alumnas distribuídos do seguinte modo: 8 grupos de ESO (2 de 1º, 2 de 2º, 2 de 3º y 2 de 4º) e dispón, despois do protocolo de adaptación á situación provocada pola COVID-19, de: salón de encontros, laboratorio, ximnasio, biblioteca, cafetaría, 2 aulas de informática…

## 2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Esta materia corresponde ao Departamento de Lingua Galega e Literatura cuxas integrantes e cursos son:

María Duro Santos

- 2º ESO A e B, Lingua Galega e Literatura
- 4º ESO A, Lingua Galega e Literatura
- 2º ESO A e B, Exención de Francés
- **4º ESO A, Latín**
- Xefatura de Departamento

Carme Fernández Varela

- 1º ESO A e B, Lingua Galega e Literatura
- 3º ESO A e B, Lingua Galega e Literatura
- 3º ESO, Oratoria
- Titora de 3º ESO A
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Representante de titorías no Departamento de Orientación

## 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

**A competencia en conciencia e expresión cultural** está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo.

**A comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu

funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará, sen dúbida, nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que, ao mesmo tempo, estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando **a competencia clave de aprender a aprender**.

**A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas; nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

**A competencia dixital** deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

**As competencias sociais e cívicas** poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa, préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico.

**A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente, sobre todo, nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

## 4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DO CURSO

- Iniciar o alumnado no estudo básico do latín.

- Coñecer a orixe e a evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa e atopar paralelismos entre elas que axuden ao estudo.
- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- Comprender e analizar os cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos das nosas linguas (galego e castelán) e axudar a aumentar o seu léxico.
- Empregar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar as palabras patrimoniais e cultas así como expresións latinas.
- Comprender o significado do léxico común de procedencia clásica das nosas linguas e comprender vocabulario culto e científico-técnico a partir da súa etimoloxía.
- Coñecer os aspectos máis relevantes da cultura e da civilización romana, empregando diversas fontes de información e distintos soportes, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e das estruturas gramaticais latinas.
- Adquirir hábitos de traballo, de estudo e de organización.

## 5. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os estándares de aprendizaxe aparecen reflectidos no cadro que figura a continuación:

| | *Latín. 4º de ESO* | | | |
|---|---|---|---|---|
| *Obxectivos* | *Contidos* | *Criterios de avaliación* | *Estándares de aprendizaxe* | *Competencias clave* |
| | *Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances* | | | |
| § f | § B1.1. Marco xeográfico da lingua. | § B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da | § LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos | § CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| § ñ<br>§ o | | lingua latina. | períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | § CCEC<br>§ CAA<br>§ CD<br>§ CSC |
| § e<br>§ ñ<br>§ o | § B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | § B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | § LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | § CD<br>§ CAA<br>§ CMCCT |
| § l<br>§ ñ<br>§ o | § B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | § B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | § LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | § CSC<br>§ CAA<br>§ CD |
| § l<br>§ ñ<br>§ o | § B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | § B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | § LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | § CSC<br>§ CAA<br>§ CD |
| f<br>ñ<br>o | § B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | § B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | § LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | § CCL<br>§ CAA |
| b<br>ñ<br>o | § B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | § B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | § LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | § CCL<br>§ CAA |
| | ***Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos*** | | | |
| § e | § B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | § B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | § LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | § CD<br>§ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| § e | § B2.2. Orixes do alfabeto latino. | § B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | § LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | § CAA<br>§ CD |
| § h | § B2.3. Pronuncia do latín. | § B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | § LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | § CCL |
| | ***Bloque 3. Morfoloxía*** | | | |
| § b | § B3.1. Formantes das palabras. | § B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras. | § LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | § CMCCT<br>§ CCL |
| § e | § B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | § B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras. | § LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | § CAA<br>§ CCL |
| § e<br>§ b | § B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | § B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | § LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | § CAA<br>§ CCL |
| § b<br>§ e | § B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | § B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | § LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | § CD<br>§ CCL |
| | | | § LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | § CCL<br>§ CAA |
| § b<br>§ e | § B3.5. Flexión verbal. | § B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | § LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | § CAA<br>§ CCL |
| | | | § LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os | § CCL<br>§ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | modelos de conxugación. | |
| § e<br>§ b<br>§ h<br>§ ñ<br>§ o | § B3.5. Flexión verbal. | § B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. | § LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | § CAA<br>§ CCL |
| | | | § LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | § CD<br>§ CCL |
| | | | § LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | § CAA<br>§ CCL |
| | | | § LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | § CCL |
| | ***Bloque 4. Sintaxe*** | | | |
| § f | § B4.1. Elementos da oración. | § B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | § LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | § CMCCT |
| § h | § B4.2. Casos latinos. | § B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | § LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | § CAA<br>§ CCL |
| | | | § LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | § CCL |
| § e | § B4.3. Concordancia. | § B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | § LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | § CCL |
| § b | § B4.4. Oración simple: oracións atributivas e | § B4.4. Recoñecer e clasificar | § LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións | § CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | predicativas. | os tipos de oración simple. | simples, e identifica as súas características. | § CCA<br>§ CCL |
| § e | § B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. | § B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. | § LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | § CAA<br>§ CMCCT<br>§ CCL |
| § h | § B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | § B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. | § LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | § CCL |
| | ***Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización*** | | | |
| § a<br>§ f<br>§ e<br>§ ñ | § B5.1. Períodos da historia de Roma. | § B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | § LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | § CSC<br>§ CSIEE<br>§ CD |
| | | | § LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | § CAA<br>§ CCEC<br>§ CSC |
| | | | § LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | § CD<br>§ CAA<br>§ CMCCT |
| | | | § LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | § CSC<br>§ CCEC<br>§ CCL |
| § a<br>§ ñ | § B5.2. Organización política e social de Roma. | § B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. | § LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | § CSIEE<br>§ CSC<br>§ CCL |
| | | | § LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | § CSIEE<br>§ CSC<br>§ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | § CCL |
| § c<br>§ ñ | § B5.3. A familia romana. | § B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | § LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | § CSC<br>§ CCEC<br>§ CCL |
| § l<br>§ n | § B5.4. Mitoloxía e relixión. | § B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | § LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | § CCEC<br>§ CCL<br>§ CD |
| § n<br>§ ñ | § B5.4. Mitoloxía e relixión. | § B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | § LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | § CAA<br>§ CCEC<br>§ CD |
| § m | § B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | § B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. | § LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | § CD<br>§ CCEC<br>§ CSC<br>§ CCL<br>§ CSIEE<br>§ CCL<br>§ CAA |
| § d<br>§ e<br>§ ñ | § B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | § B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. | § LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | § CSC<br>§ CSIEE<br>§ CCL<br>§ CMCCT<br>§ CCEC |
| | ***Bloque 6. Textos*** | | | |
| § h | § B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. | § B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | § LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | § CCL<br>§ CAA |
| § d | § B6.2. Comparación das | § B6.2. Comparar as estruturas | § LAB6.2.1. Utiliza | § CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| § o | estruturas latinas coas das linguas propias. | latinas coas das linguas propias. | mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | § CAA |
| § h | § B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | § B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | § LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | § CCL<br>§ CAA |
| § l<br>§ f | § B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | § B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. | § LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | § CCEC<br>§ CCL |
| | | | § LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | § CMCCT<br>§ CD<br>§ CCL |
| § b | § B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | § B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | § LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | § CCL |
| § g | § B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | § B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | § LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | § CCL |
| | ***Bloque 7. Léxico*** | | | |
| § h<br>§ ñ<br>§ o | § B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | § B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | § LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | § CAA<br>§ CCL |
| | | | § LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | § CD<br>§ CAA |
| § b<br>§ ñ<br>§ o | § B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | § B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | § LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | § CMCCT<br>§ CCL |
| § l<br>§ ñ<br>§ o | § B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | § B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | § LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | § CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| § e<br><br>§ b | § B7.3. Locucións latinas de uso actual. | § B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | § LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | § CD<br><br>§ CSC<br><br>§ CCEC<br><br>§ CCL |

### 5.1. Temporalización

A seguir, recóllese a temporalización dos contidos -relacionados cos seus obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias-, mais sempre poderán ser modificados por necesidades da materia, do alumnado ou do centro.

### 1ª avaliación

| ***Obxectivos*** | ***Bloque*** | ***Contidos*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** | **Competencias** |
|---|---|---|---|---|---|
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Aracne. | Coñecer o mito de Aracne<br><br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito. | Coñece, resume e identifica o mito de Aracne. | CCEC |
| Coñecer a pronunciación do latín e o seu alfabeto | 1 | Alfabeto e fonética da lingua latina. | Coñecer o alfabeto e as normas básicas da pronunciación do latín. | Coñece o alfabeto e a pronunciación básica do latín. | CCL |
| Presentar os aspectos básicos da morfoloxía do substantivo | 3 | Morfoloxía do substantivo: xénero, número e caso.<br><br>Declinacións. | Comprender o concepto declinación.<br><br>Identificar o xénero, número e caso nas oracións latinas. | Define e comprende o concepto de declinación.<br><br>Relaciona o uso dos casos coa función sintáctica.<br><br>Identifica o xénero, o número e o caso e as súas correspondentes desinencias. | CCL |
| Declinar correctamente substantivos da primeira declinación. | 3 | A primeira declinación | Aprender o paradigma da primeira declinación. | Enuncia correctamente os substantivos da primeira declinación | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Coñecer a primeira declinación, encuadrar as palabras dentro desta, enuncialas e declinalas correctamente. | e sabe buscalos no dicionario.<br>Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma da primeira declinación. | |
| Conxugar e traducir o presente de indicativo do verbo *sum*.<br>Distinguir as oración atributivas das predicativas. | 3 | O presente de indicativo do verbo *sum*.<br>O verbo *sum* en oracións atributivas e predicativas. | Coñecer o presente de indicativo do verbo *sum* e o seu emprego en oración atributivas e predicativas. | Coñece o presente de indicativo do verbo *sum.*<br>Explica a diferenza entre o uso atributivo e predicativo. | CCL |
| Coñecer os accidentes do verbo latino. Saber conxugar e traducir o presente de indicativo activo. | 3 | Morfoloxía do verbo: voz, tempo, modo, número e persoa.<br>O presente de indicativo activo. | Determinar a morfoloxía do verbo e conxugar o presente de indicativo activo. | Coñece os accidentes do verbo latino.<br>Sabe conxugar e traducir o presente de indicativo activo. | CCL |
| Coñecer a orixe da lingua latina, así como a expansión e a evolución desta. | 3 | A lingua latina.<br>O indoeuropeo. | Coñecer a orixe da lingua latina: o indoeuropeo, a expansión e a evolución do latín.<br>Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | Define e identifica o indoeuropeo como lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa.<br>Coñece a orixe, expansión e evolución da lingua latina. | CCL |
| Identificar o léxico patrimonial e cultismos. | 1 | Léxico patrimonial e cultismos. | Recoñecer o léxico patrimonial e cultismos.<br>Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.<br>Recoñecer os elementos léxicos | Define, difererencia e identifica o léxico patrimonial e cultismo.<br>Deduce o significado de termos latinos non estudados a partir do contexto ou de palabras da lingua propia.<br>Identifica e explica as palabras | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | transparentes e de maior frecuencia. | |
| Coñecer a historia mítica da fundación de Roma.<br>Presentar os feitos máis destacados da monarquía romana. | 7 | A fundación de Roma: o mito e a historia.<br>A Monarquía. | Coñecer o mito asociado á fundación de Roma e a monarquía que se instaurou a partir de Rómulo.<br>Coñecer os sete reis romanos. | Coñece o mito asociado á fundación de Roma e a monarquía instaurada tralo seu fundador. | CSC |
| Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. | 5 | Os primeiros anos de vida. Os xoguetes. Os xogos. O nome dos romanos. | Coñecer cómo eran os primeiros anos de vida dos nenos/as romanos: os xoguetes, os xogos e os seus nomes. | Coñecer os aspectos máis relevantes dos primeiros anos de vida dun neno/a romano. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | As termas. | Recoñecer a estructura das termas, a súa distribución e o seu uso por parte da poboación. | Recoñece a estructura e o uso das termas. | CSC e CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecorromana. | 5 | As deusas. | Coñecer as deusas romanas e a súa orixe grega. | Identifica as principais deusas da mitoloxía grecolatina e sinala os seus rasgos característicos e establece relacións entre as máis importantes. | CCEC |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina | 5 | O mito de Ifixenia. | Coñecer o mito de Ifixenia.<br>Identificar as manifestacións culturais e artísticas vinculadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Ifixenia. | CCEC |
| Declinar correctamente as palabras da segunda declinación. | 3 | A segunda declinación. | Aprender o paradigma da segunda declinación. | Enuncia correctamente os substantivos da segunda declinación. | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Coñecer a segunda declinación e os modelos de sustantivos de varias terminacións. | Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma da primeira ou da segunda declinación. | |
| Coñecer as preposicións máis habituais e sabelas traducir no contexto | 3 | As preposicións. | Coñecer as principais preposicións de acusativo e de ablativo.<br>Iniciarse na tradución de estruturas con preposicións. | Coñece e traduce preposicións e estruturas preposicionais. | CCL |
| Identificar as principais etapas da historia do latín. | 1<br>2 | Os sistemas de escritura.<br>O latín, lingua con historia. | Coñecer e identificar os distintos sistemas de escritura.<br>Coñecer a orixe do alfabeto e cómo se concreta nos alfabetos itálicos que deron lugar ao latino.<br>Recoñecer distintos aspectos vinculados coa evolución do latín. | Coñece as orixes do alfabeto -especialmente latino- e dos distintos sistemas de escritura.<br>Identifica as principais etapas da historia do latín. | CCL |
| Coñecer o significado de palabras formadas con prefixos de orixe latina. | 7 | Os prefixos de orixe latina. | Coñecer os principais prefixos de orixe latina.<br>Construir palabras con prefixos. | Coñece o significado dos principais prefixos de orixe latina.<br>Forma palabras cos prefixos dados. | CCL |
| Presentar a etapa republicana da historia de Roma.<br>Coñecer os feitos máis importantes da República romana. | 5 | A República. | Coñecer a expansión de Roma durante a República: Italia e o Mediterráneo. Coñecer os conflitos internos.<br>Comparar os sistemas políticos romanos. | Coñece os feitos máis destacados da República de Roma e a súa expansión. | CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. | 5 | A educación. Finalidade. Tipos de escolas. Niveis educativos. Material didáctico. | Coñecer a finalidade da educación na antigua Roma (tipos de escolas, niveis educativos e materiais didácticos empregados).<br>Comparar o sistema educativo romano co actual | Coñece e describe os aspectos máis relevantes da educación na antigua Roma, analizando os tipos de escola, niveis educativos e materiais didácticos e contrástaos cos da actualidade. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os acuedutos. | Recoñecer a estructura, construción e finalidade dos acuedutos; así como o uso que facía deles a poboación. | Coñece os principais acuedutos romanos, así como a súa estrutura, finalidade e uso. | CSC<br>CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | Os deuses. | Coñecer os deuses romanos e a súa orixe grega.<br>Establecer relación con manifestacións artísticas e literarias. | Identifica os principais deuses da mitoloxía grecolatina, sinala os rasgos que os caracterizan e establece relación entre os deuses máis importantes.<br>Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico na nosa cultura | CCEC |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina | 5 | O mito de Orfeo | Coñecer o mito de Orfeo.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece e resume o mito de Orfeo. | CCEC |
| Caracterizar os adxectivos da primeira clase e establecer a concordancia. | 3 | Os adxectivos da primeira clase.<br>A concordancia do adxectivo. | Coñecer os adxectivos da primeira clase e a concordancia do adxectivo. | Coñece e recoñece os adxectivos da primeira clase, escribe a forma axeitada e establece a súa concordancia. | CCL |
| Coñecer o paradigma do imperfecto de indicativo activo. | 3 | O imperfecto de indicativo activo. | Observar a conxugación do imperfecto de | Coñece e clasifica o imperfecto de indicativo activo e | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | indicativo activo. | explica os rasgos que permiten identificalo. | |
| Identificar a orde de palabras nas estruturas latinas. | 4 | A orde das palabras na oración. | Entender a orde das palabras da oración. | Identifica e comprende a orde das palabras na oración. | CCL |
| Recoñecer os complementos de lugar. | 4 | Os complementos de lugar. | Coñecer os complementos de lugar. | Recoñece e traduce correctamente os complementos de lugar. | CCL |
| Distinguir o latín clásico do latín vulgar. | 1 | O latín vulgar. | Coñecer a fonética, a gramática, o vocabulario do latín vulgar; así como as súas vías de expansión.<br>Reflexionar sobre a evolución das palabras dacordo con territorio. | Distingue entre o latín clásico e o latín vulgar.<br>Coñece as principais características do latín vulgar e da súa expansión. | CCL |
| Coñecer o significado de determinados radicais latinos. | 7 | Os radicais latinos. | Coñecer os radicais latinos.<br>Indicar o radical latino dalgunhas palabras e deducir e/ou buscar o seu significado a partir de dito radical. | Coñece o significado de determinados radicais latinos e os emprega para deducir o significado de palabras en galego e en castelán. | CCL |
| Coñecer as maxistraturas e as institucións da República. | 5 | Maxistraturas e institucións da República. | Coñecer as maxistraturas e o papel dos cónsules, pretores, cuestores, censores, edís e tribunos da plebe. Identificar as institucións do senado e as asambleas (comicios, curiados, centuriados e por tribus). | Coñece e identifica as maxistraturas e as institucións da República. | CSC |
| Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. | 5 | A alimentación: ingredientes, conservación | Coñecer aspectos sobre a alimentación en | Coñece os aspectos máis relevantes sobre a alimentación | CCEC, CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | dos alimentos, comidas, innovación gastronómica, etc. | Roma: ingredientes, forma de conservalos, comidas, frugalidade dos pobres e innovación gastronómica. | en Roma. | |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os teatros. | Recoñecer a estrutura, construción e finalidade dos teatros, así coma o uso que a poboación facía deles.<br><br>Coñecer os principais teatros romanos que se conservan na actualidade, especialmente o máis próximo á propia poboación. | Coñece os principais teatros romanos, así coma a súa estrutura, construción, finalidade e uso. | CSC, CCEC |
| Coñecer aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | A casa de Micenas. | Coñecer os episodios vinculados coa casa de Micenas (Agamenón, Aquiles, Troia e Clitemnestra).<br><br>Establecer relación con manifestacións artísticas e literarias. | Identifica e coñece os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina (Micenas), sinala os rasgos que os caracterizan e establece relacións entre eles. | CCEC |
| Recoñecer características dos xéneros literarios da literatura romana. | 5 | A épica e a elexía. | Coñecer as características e os autores máis destacados da épica e da elexía romana. | Coñecer as características e os autores máis destacados da épica e da elexía romana. | CCEC |

## 2ª avaliación

| ***Obxectivos*** | ***Bloque*** | ***Contidos*** | ***Crit. Avaliación*** | ***Estándares de*** | ***Competencias*** |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ***aprendizaxe*** | |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Zeus e Europa. | Coñecer o mito de Zeus e Europa.<br>Identificar as manifestacións culturais e artísticas relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Zeus e Europa. | CCEC |
| Coñecer e identificar os temas da terceira declinación en consoante oclusiva, líquida, nasal e sibilante.<br>Recoñecer e declinar correctamente os temas da terceira declinación e practicar a sintaxe. | 3,<br>4 | A terceira declinación. | Aprender o paradigma da terceira declinación latina: os temas en consoante oclusiva, os temas en consoante líquida, os temas en consoante nasal e os temas en consoante sibilante.<br>Recoñecer, buscar o significado e traducir os substantivos da terceira declinación. | Enuncia correctamente os substantivos da terceira declinación.<br>Identifica, declina e traduce palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma da primeira, segunda ou terceira declinación. | CCL |
| Identificar as principais conxuncións para a coordinación. | 4 | As conxuncións de coordinación. | Coñecer as principais conxuncións da coordinación. | Identifica as principais conxuncións de coordinación. | CCL |
| Coñecer a función do substantivo como aposición. | 4 | A aposición. | Coñecer e analizar morfolóxicamente e sintácticamente o uso da aposición. | Recoñece a función do substantivo como aposición. | CCL |
| Reflexionar sobre a situación das linguas románicas na actualidade. | 1 | As linguas románicas na actualidade. | Identificar as linguas románicas da actualidade: bloque ibérico e central.<br>Identificar as linguas de España sobre un mapa. | Identifica as linguas románicas da actualidade e sitúa as da Península Ibérica. | CCL |
| Coñecer o significado de determinados radicais latinos. | 7 | Os radicais latinos. | Recoñecer os radicais latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | Identifica os radicais latinos de palabras de léxico común das linguas propias e explica a partir | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | destes o seu significado. | |
| Presentar os acontecementos históricos máis importantes da República romana.<br><br>Coñecer a figura de Xulio César e os acontecementos da súa época. | 5 | O final da República. | Coñecer os episodios históricos do fin da República: a primeira guerra civil, Pompeio e Craso, o ascenso de Xulio César, o primeiro triunvirato, a segunda guerra civil, a ditadura de Xulio César e o segundo triunvirato. | Coñece os episodios históricos máis relevantes do fin da República. | CSC |
| Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. | 5 | A vestimenta. | Coñecer aspectos sobre a vestimenta en Roma: indumentaria feminina, o peiteado e o calzado das mulleres, as xoias, os cosméticos; a indumentaria masculina, o calzado e o peiteado dos homes. | Coñece os aspectos máis relevantes sobre a vestimenta en Roma. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os anfiteatros. | Recoñecer a estrutura, construción e finalidade dos anfiteatros, así coma o uso que a poboación facía deles.<br><br>Coñecer os anfiteatros máis destacados e, en especial, o máis próximo á poboación. | Recoñece a estrutura, construción, finalidade e uso dos anfiteatros.<br><br>Coñece os anfiteatros máis importantes e o máis próximo á súa poboación. | CSC,<br><br>CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | Perseo. | Coñecer o mito de Perseo.<br><br>Establecer relacións con manifestacións | Identifica e resume o mito de Perseo. | CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | artísticas. | | |
| Recoñecer as características dos xéneros da literatura romana. | 5 | A comedia. | Coñecer as características e os autores máis destacados da comedia romana. | Coñece as características da comedia romana e os seus autores máis destacados. | CCEC |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Prometeo. | Coñecer o mito de Prometeo.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Prometeo. | CCEC |
| Declinar correctamente os temas en vogal e mixtos da terceira declinación.<br>Traducir textos con palabras da terceira declinación. | 3<br>6 | A terceira declinación: temas en vogal e mixtos. | Aprender o paradigma da terceira declinación latina: os temas en vogal e mixtos.<br>Recoñecer, buscar o seu significado e traducir os substantivos da terceira declinación. | Enuncia correctamente os substantivos da terceira declinación: os temas en vogal e mixtos.<br>Identifica, declina e traduce palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma da primeira, segunda ou terceira declinación. | CCL |
| Coñecer a morfoloxía do futuro imperfecto de indicativo. | 3 | O futuro imperfecto de indicativo activo. | Aprender o futuro de indicativo activo. | Recoñece e clasifica o futuro de indicativo activo e explica os rasgos que permiten identifficalo. | CCL |
| Coñecer as principais funcións do dativo posesivo. | 3<br>4 | O dativo posesivo. | Aprender o dativo posesivo e as súas principais función. | Coñece as principais funcións do dativo posesivo. | CCL |
| Ser conscientes da situación das linguas románicas na actualidade.<br>Relacionar palabras castelás con termos doutras linguas romances. | 1 | As linguas románicas na actualidade. | Identificar as linguas románicas da actualidade: o bloque italorrománico, o bloque galorrománico e o bloque oriental.<br>Ler, reflexionar e relacionar as semellanzas e | Coñece as linguas románicas pertencentes ao bloque italorrománico, ao bloque galorrománico e ao bloque oriental.<br>Relaciona as semellanzas entre termos casteláns e galegos cos doutras | CCL<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | diferenzas entre termos casteláns e galegos cos doutras linguas románicas (italiano, francés). | linguas románicas (italiano, francés). | |
| Formar palabras con sufixos de orixe latina.<br>Ampliar o vocabulario e relacionar palabras da mesma familia. | 7 | Os sufixos de orixe latina. | Coñecer os sufixos de orixe latina e o seu significado. | Identifica os sufixos latinos de palabras de léxico común das linguas propias e explica a partir destes o seu significado. | CCL |
| Presentar as grandes figuras do Alto Imperio e coñecer as características do seu sistema político. | 5 | O Alto Imperio. | Coñecer o periodo histórico do Alto Imperio: Augusto e a dinastía xulio-claudia, dinastías dos Flavios e dos Antonios, e a decadencia do Imperio. | Coñece as grandes figuras do Alto Imperio e as características do seu sistema político. | CSC |
| Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. | 5 | Os gladiadores. | Coñecer distintos aspectos sobre os gladiadores: orixe, organización e combates. | Coñece as características máis relevantes dos gladiadores: orixe, organización e combates. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os circos. | Recoñecer a estrutura, construción e finalidade dos circos, así como o uso que se facía deles na poboación.<br>Coñecer os circos máis importantes e, en especial, o máis próximo a poboación propia. | Recoñece a estrutura, construción, finalidade e usos dos circos<br>Coñece os circos máis importantes e o máis próximo a súa poboación. | CSC<br>CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | A casa de Tebas. | Coñecer os episodios mitolóxicos relacionados coa casa de Tebas.<br>Establecer relacións con manifestacións | Coñece e recoñece os episodios mitolóxicos relacionados coa casa de Tebas. | CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | literarias e artísticas. | | |
| Recoñecer características dos xéneros da literatura romana. | 5 | A oratoria. | Coñecer as características e autores máis destacados da oratoria romana. | Coñece as características e os autores máis destacados da oratoria romana. | CCEC |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Triptólemo. | Coñecer o mito de Triptólemo.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Triptólemo. | CCEC |

### 3ª avaliación

| *Obxectivos* | *Bloque* | *Contidos* | *Criterios de avaliación* | *Estándares de aprendizaxe* | *Competencias* |
|---|---|---|---|---|---|
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Leda e o cisne. | Coñecer o mito de Leda e o cisne.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Leda e o cisne. | CCEC |
| Coñecer o paradigma da cuarta e quinta declinación. | 3 | A cuarta declinación.<br>A quinta declinación. | Aprender o paradigma da cuarta e quinta declinación.<br>Recoñecer, buscar o seu significado e traducir os substantivos das cinco declinacións. | Enuncia correctamente os substantivos da cuarta e da quinta declinación.<br>Identifica, declina e traduce palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma da declinación á que pertence. | CCL |
| Coñecer o pretérito perfecto de indicativo activo. | 3 | O pretérito perfecto de indicativo activo. | Observar a conxugación do pretérito perfecto de indicativo activo. | Coñece e identifica o pretérito perfecto de indicativo activo e explica os rasgos que permiten identificalo. | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Identificar o adverbio e a súa formación. | 3 | O adverbio. | Coñecer os principais adverbios e a súa formación | Identifica o adverbio e coñece a súa formación. | CCL |
| Recoñecer os complementos de tempo. | 4 | Os complementos de tempo. | Coñecer os complementos de tempo | Recoñece, analiza e traduce os complementos de tempo. | CCL |
| Coñecer a evolución do vocalismo do latín ao castelán e ao galego. | 1 | A evolución das vogais. | Coñecer a evolución das vogais.<br>Indicar os fenómenos vogálicos producidos nas palabras patrimoniais.<br>Deducir o significado dunhas palabras latinas e indicar as regras que interveñen na súa evolución ao galego e ao castelán. | Coñece a evolución producida nas vogais tónicas e finais.<br>Deduce o significado dalgunhas palabras latinas e indica as regras que interveñen na súa evolución. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |
| Coñecer o significado de latinismos de aparición frecuente. | 7 | Os latinismos. | Coñecer as expresións tomadas do latín: os latinismos.<br>Redactar oracións que inclúan os latinismos presentados. | Identifica latinismos da fala cotiá e escríbeos correctamente. | CCL<br>CCEC |
| Presentar as clases sociais en Roma e as características de cada unha delas. | 5 | As clases sociais. | Coñecer as clases sociais da época republicana e da imperial. Os cidadáns (patricios e plebeos), os clientes, os escravos.<br>Deducir a partir dun fragmento das *Comedia da olla* de Plauto, a forma en que un escravo trata de | Coñece as clases sociais da época republicana e da imperial. Os cidadáns (patricios e plebeos), os clientes e os escravos. | CSC<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | obter a súa liberdade. | | |
| Coñecer os aspectos básicos da vida familiar en Roma. | 5 | A muller e a vida familiar. | Coñecer os aspectos sobre a muller e a vida familiar: o matrimonio, o adulterio, a familia romana e o divorcio. | Coñece os aspectos sobre a muller e a vida familiar. | CSC<br>CCEC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os arcos de triunfo. | Recoñecer a estrutura, construcción e finalidade dos arcos de triunfo, así como o seu uso por parte da poboación.<br>Coñecer os arcos de triunfo máis importantes. | Recoñece a estrutura, construción, finalidade e uso dos arcos de triunfo.<br>Coñece e localiza os arcos de triunfo máis importantes. | CSC<br>CCEC |
| Identifica aspectos da mitoloxía grecolatina | 5 | Xasón e os argonautas. | Coñecer os episodios mitolóxicos relacionados con Xasón e os argonautas.<br>Establecer relacións con manifestacións artísticas. | Recoñece os episodios mitolóxicos relacionados con Xasón e os argonautas. | CCEC |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Hércules. | Coñecer o mito de Hércules.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Hércules. | CCEC |
| Coñecer o paradima dos demostrativos. | 3 | Os demostrativos determinantes e pronomes. | Coñecer os demostrativos.<br>Analizar e traducir sintagmas. | Coñece os demostrativos<br>Analiza e traduce sintagmas. | CCL<br>CAA |
| Coñecer o uso do participio. | 3 | O participio. As voces e o participio perfecto. | Recoñecer o participio (voz activa, pasiva e participio de perfecto). | Coñece o uso do participio | CCL<br>CSIEE<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Identificar o imperativo en presente e en futuro. | 3 | O imperativo: presente e futuro. | Saber conxugar o imperativo en presente e en futuro, tamén co verbo *sum*. | Coñece e identifica o imperativo en presente e en futuro, tamén co verbo *sum*, e explica os rasgos que permiten identificalo. | CCL |
| Identifica os complementos de causa, compañía, modo e instrumento. | 4 | Os complementos de causa, compañía, modo e instrumento. | Recoñecer os complementos de causa, compañía, modo e instrumento. | Recoñece, analiza e traduce os complementos de causa, compañía, modo e instrumento. | CCL |
| Ter presente a evolución do vogalismo do latín ao castelán. | 1 | A evolución das vogais.<br>Os fenómenos de síncopa, apócope, prótese e hiato. | Coñecer a evolución das vogais. Identificar os fenómenos de síncope, apócope, prótese e hiato.<br>Indicar os fenómenos vogálicos que se produzan nalgunas palabras. | Coñece a evolución producida nas vogais tónicas e átonas.<br>Identifica os fenómenos de síncope, apócope, prótese e hiato.<br>Deduce o significado dunhas palabras latinas e indica as regras que interveñen na súa evolución. | CCL<br>CSIEE |
| Detectar tópicos literarios e o motivo de cada un deles. | 7 | Os campos semánticos.<br>Os tópicos literarios. | Recoñecer os campos semánticos e os tópicos literarios.<br>Relacionar os tópicos literarios cuns temas proporcionados.<br>Identificar os tópicos literarios en textos literarios das linguas do alumno. | Coñece e identifica os campos semánticos e os tópicos literarios. | CCL<br>CCEC |
| Identificar as grandes aportacións dos romanos á Península. | 1<br>5 | Os romanos na Hispania. | Coñecer o proceso de romanización en Hispania.<br>Saber a organización do territorio e entender a decadencia do | Coñece o proceso de romanización en Hispania. | CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Imperio.<br>Explicar a importancia que tiña para os romanos disponer dunha boa rede de comunicacións.<br>Explicar o significado histórico da expresión “resistencia numantina”. | | |
| Coñecer os aspectos máis relevantes das estradas romanas. | 5 | As estradas. | Coñecer aspectos sobre as estradas, a súa financiación, construción e tipos de vehículos que circulaban por elas; e as principais vías trazadas polos romanos na Península Ibérica. | Coñece aspectos sobre as estradas: financiación, construción, vehículos e principais vías na Península Ibérica. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | As vilas. | Recoñecer a estrutura, construción e finalidade das vilas, así coma o uso que se facía delas por parte da poboación. | Recoñece a estrutura, construción, finalidade e uso das vilas.<br>Coñece e localiza as vilas máis importantes. | CSC<br>CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | Os deuses primixenios e os primeiros homes. | Coñecer os episodios mitolóxicos relacionados cos deuses primixenios e os primeiros homes. O Caos orixinario, a Titanomaquia, a Xigantomaquia e a Tifonomaquia. A Idade de Ouro e o mito das idades.<br>Establecer relacións con | Recoñece os episodios mitolóxicos relacionados cos deuses primixenios e os primeiros homes. | CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | manifestacións artísticas. | | |
| Coñecer episodios da mitoloxía grecolatina. | 5 | O mito de Hero e Leandro. | Coñecer o mito de Hero e Leandro.<br>Identificar as manifestacións culturais relacionadas co mito lido. | Coñece, resume e identifica o mito de Hero e Leandro. | CCEC |
| Coñecer o paradigma dos pronomes persoais, posesivos e anafóricos e de identidade. | 3 | Os pronomes persoais.<br>Os posesivos.<br>O anafórico e os pronomes de identidade. | Coñecer os pronomes persoais, os posesivos, o anafórico e o pronome de identidade.<br>Traducir un texto con estas cuestións gramaticais. | Coñece os pronomes persoais, os posesivos, o anafórico e os pronomes de identidade.<br>Analiza e traduce sintagmas. | CCL<br>CAA |
| Saber conxugar a voz pasiva. | 3 | A voz pasiva. | Identificar a voz pasiva.<br>Coñecer a conxugación en pasiva. | Coñece e identifica a voz pasiva e explica os seus rasgos identificadores. | CCL |
| Coñecer as funcións do pronome relativo. | 4 | O pronome relativo. | Coñecer o uso do pronome relativo. | Coñece os relativos.<br>Analiza e traduce sintagmas. | CCL |
| Coñecer as funcións do complemento predicativo. | 4 | O predicativo. | Coñecer o predicativo. | Coñece, identifica e traduce o predicativo. | CCL |
| Coñecer a evolución das consonantes do latín ao castelán. | 1 | A evolución das consoantes. | Coñecer as evolucións fundamentais das consoantes (en inicial, intervogálica e final; tamén os grupos consoánticos).<br>Indicar os fenómenos consoánticos que se produzan en certas palabras. | Coñece as evolucións fundamentais que se tiveron lugar nas consoantes: inicial, intervogálica, final; tamén os grupos consoánticos.<br>Deduce o significado dalgunhas palabras latinas e indica as regras que interveñen na súa evolución. | CCL<br>CSIEE |
| Coñecer os latinismos do campo semántico da ciencia e da | 7 | Os campos semánticos.<br>A ciencia e a | Coñecer os campos semánticos e os | Coñece, define e relaciona os campos semánticos e os | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| técnica. | | técnica. | neoloxismos relacionados coa ciencia e a técnica.<br>Definir significados asociados á natureza.<br>Relacionar nomes científicos de plantas con nomes comúns. | neoloxismos da ciencia e da técnica. | |
| Coñecer os actos de culto propios da relixión romana. | 5 | A relixión romana. | Coñecer a relixión romana.<br>Describir a partir de imaxes uns ritos relixiosos. | Coñece os principais actos de culto propios da relixión romana. | CSC<br>CCEC |
| Coñecer as características básicas da organización e do funcinamento do dereito romano. | 5 | O dereito romano. | Coñecer aspectos sobre o dereito romano. | Coñece as características básicas da organización e o funcionamento do dereito romano. | CSC |
| Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas. | 5 | Os templos. | Recoñecer a estrutura, construción e finalidade dos templos, así como o uso que a poboación facía deles.<br>Buscar información sobre un templo español. | Recoñece a estrutura, construción, finalidade e uso dos templos.<br>Coñece e localiza os templos máis importantes. | CSC<br>CCEC |
| Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina. | 5 | Teseo. | Coñecer os episodios mitolóxicos relacionados co mito de Teseo.<br>Establecer relacións con manifestacións artísticas. | Recoñece os episodios mitolóxicos relacionados con Teseo. | CCEC |

## 5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

- LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España e diferencia, pola súa orixe, as romances e as non romances.

- LAB1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.
- LAB1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
- LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.
- LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.
- LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
- LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
- LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece, a partir destas, os modelos de conxugación.
- LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
- LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as súas funcións na oración.
- LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.

- LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
- LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.
- LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
- LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.
- LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
- LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
- LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
- LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

## 6. METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía caracterizarase polas seguintes cuestións:

- Intentar axeitarse ao desenvolvemento cognitivo e socio-afectivo do alumnado.
- Captar o seu interese no referente á competencia comunicativa e lingüística.
- Fomentar o hábito lector.
- Empregar unha metodoloxía activa e participativa, de interacción profesor–alumno e entre os alumnos mesmos.

- Practicar distintos modos de traballo: individual, por parellas, en pequeno grupo e en gran grupo.
- Perseguir a motivación do alumnado para conseguir unha aprendizaxe significativa mediante:
    - Actividades de distinta índole e selección de textos variados, explicacións, resumos, esquemas e gráficos.
    - Exercicios para afianzar os coñecementos traballados nos distintos bloques de contidos.
    - Tarefas variadas para evitar a monotonía.
    - Tradución de sintagmas, oracións e textos breves.
    - Materiais de reforzo, apoio e ampliación.
    - Establecer similitudes e diferenzas do latín con respecto ao galego e ao castelán.

A metodoloxía pretende ser activa e participativa para todos os bloques de contidos, entendida do seguinte xeito:

- Realizaremos a actividade como docentes desempeñando o papel de mediadores e guías.
- Partiremos do nivel de capacidades e coñecementos previos do alumno.
- Estimularemos no alumnado a capacidade de aprender a aprender.
- Alternaremos o método de aprendizaxe expositivo co indutivo.
- Buscaremos distintas formas pedagóxicas de axeitarnos as necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado.

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse os seguintes recursos didácticos:

- Materia de Latín de Edixgal en que se subirá o material preparado pola profesora e o material didáctico da editorial Edebé, que será a que se empregue neste curso académico.
- O encerado dixital.
- Páxinas web como http://www.luduslitterarius.net/, http://www.verbix.com/, http://alerce.pntic.mec.es/, http://almacendeclasicas.blogspot.com/.
- Libros e enciclopedias de consulta tanto en formato papel como dixital.
- Dicionarios específicos.
- Gramáticas.
- Caderno de aula do alumnado onde se recollerán parte das actividades.

## 8. AVALIACIÓN

### 8.1. Avaliación inicial

Na segunda e terceira semana do mes de setembro realizaráselle unha avaliación inicial ao alumnado. Esta proba tratará de comprobar os seus coñecementos gramaticais, textuais, de cultura clásica e especialmente latina, os cales permitirán determinar o nivel de coñecementos previos de cada alumno e as súas capacidades. Deste xeito, poderemos coñecer realmente cal é o punto de partida de cada un deles para, así, poder adaptar, dende ese momento, tanto as explicacións como a metodoloxía ás necesidades reais do noso alumnado. Os resultados só se terán en conta para os efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade do grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións do alumnado.

### 8.2. Procedementos de avaliación

**O proceso de ensino aprendizaxe terá as siguientes características:**

- ✔ Partiremos dunha avaliación inicial que permita determinar o nivel de desenvolvemento das competencias básicas e os coñecementos previos de cada estudante, para decidir a metodoloxía e o tipo de actuación que deban levarse a cabo neste proceso de ensino aprendizaxe e o grao de profundidade co que deban desenvolverse os contidos.
- ✔ O deseño, tipo e número de probas durante o curso será decidido pola profesora en función da materia impartida e da súa adecuación ao alumnado.
- ✔ No proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnadoo non for o axeitado, levaranse a cabo as medidas de reforzo educativo oportunas. Adoptaremos estas medidas en calquera momento do curso, tan pronto sexan detectadas tales dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisión das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- ✔ Realizaremos a avaliación desta materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe indicados nesta programación.
- ✔ Avaliarase tanto a aprendizaxe do alumnado como a propia práctica docente (sinalado no apartado correspondente aos indicadores de logro nesta Programación Didáctica).
- ✔ Estableceranse as medidas máis axeitadas para que a avaliación se adapte ás necesidades educativas do alumnado con necesidades educativas especiais.

**Sistema de recuperación de avaliacións**

Optamos pola realización dunha única recuperación antes da avaliación final en xuño de acordo cos seguintes preceptos:

- De ter suspensa unha avaliación:

    - quedará automaticamente aprobada se a media das tres avaliacións der 5 ou máis nota.
    - deberá recuperarse mediante un exame que recolla os contidos tratados durante a dita avaliación, se a media das tres avaliacións non acada o 5.
- De ter suspensas 2 avaliacións, debera realizarse a recuperación dos contidos abordados durante as ditas avaliacións mediante un exame.
- De ter suspensas as tres avaliacións, deberase realizar un exame global de recuperación da materia.

**Prácticas fraudulentas**

Calquera procedemento desleal na realización dun exame, proba escrita e/ou oral será penalizado. É dicir, a copia nunha proba ou nun traballo académico considerarase un procedemento desleal e, en consecuencia, a cualificación será de cero puntos.

**8.3. Instrumentos de avaliación**

A avaliación levarase a cabo mediante a observación e o intercambio constante entre a profesora e o alumnado, xunto coas probas e os traballos habituais da clase propostos. En consecuencia, serán instrumentos de avaliación os seguintes:

- ✔ **Controis e probas obxectivas orais e/ou escritas (exames) sobre os contidos do currículo.**
    - o Realizaranse, cando menos, dúas por trimestre.
    - o Estas probas poderán constar de preguntas teóricas, prácticas ou teórico-prácticas, sempre en función da profesora, da metodoloxía, do grupo e do curso.
- ✔ **Traballos de investigación, comentarios, tradución̈s, textos de creación persoal...** en soporte papel ou dixital que o alumnado deba entregar na data sinalada polo profesorado.

- ✔ **O traballo diario na clase**: a elaboración dos exercicios propostos, a corrección destes...
- ✔ **As intervencións e participacións no decorrer da clase**:
    - o Exercicios realizados durante e despois das explicacións.
    - o Notas tomadas polo profesor sobre exposicións orais de contidos dos temas e aspectos habituais do traballo de aula.
    - o Participación na clase, onde se valorará os hábitos de traballo diarios e aprendizaxes propios da materia…
- ✔ **O traballo diario individual** proposto para realizar **fóra do horario lectivo.**
- ✔ **Procedementos de autoevaluación e coevaluación** co obxectivo de corresponsabilizar ao alumnado na súa propia formación.

**8.4. Criterios de avaliación**

B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.

B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.

B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.

B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto e das linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.

B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.

B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.

B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.

B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.

B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e de perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuada.

B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.

B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oracións simples.

B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.

B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu periodo correspondente e realizar eixos cronolóxicos.

B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.

B5.4. Coñecer os prinicipais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.

B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.

B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

B6.2. Comparar as estruturas propias latinas coas das linguas propias.

B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o diccionario, recoñecendo e analizando toda a información que propocionan.

B6.4. Realizar a través da lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos.

B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.

B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

**8.5. Criterios de cualificación**

A cualificación final obterase a partir da nota media aritmética entre as notas das tres avaliacións. Para calcular a nota trimestral aplicaranse os seguintes baremos:

1. Controis e probas obxectivas orais e/ou escritas (exames) sobre os contidos do currículo (cando menos dúas por trimestre): **50 %**
2. Traballo escrito:
    a. cotián de aula: **10 %**
    b. de investigación, comentarios, traducións, textos de creación persoal...: **15 %**
3. Traballo oral:
    a. cotián de aula: **10 %**
    b. de lecturas, de exposición, de presentación, de producións orais específicas marcadas e pautadas: **15 %**

Debemos precisar que o caderno, o material marcado para cada sesión e os deberes propostos son obrigas do alumnado polo que o feito de non os ter na aula, non realizar os indicados nin coidar deles será penalizado cun negativo (-0.05) cada vez que se incumprir. Así mesmo, poderanse realizar tarefas voluntarias propostas polo alumnado que deberán ser aceptadas pola profesora e que poderán sumar até 1 punto enriba da nota final de avaliación.

Para aprobar o trimestre, o alumnado deberá obter unha cualificación media igual ou superior a **CINCO (5) puntos.** Aplicarase redondeo a partir de .75 sempre que se demostre evolución positiva, iniciativa e aproveitamento durante o curso; e cando a nota media de avaliación supere o CINCO (5).

- **Penalizacións por faltas de acentuación e ortografía**

Acórdase penalizar o alumnado pola presenza de erros e/ou faltas de ortografía e de acentuación nas diversas probas escritas ou traballos até un total de -1 puntos; en que cada falta/erro se penalizará cun -0.10.

### 8.6. Avaliación final de xuño

Aquel alumnado que non conseguise acadar un 5 de media aritmética das tres avaliacións, ou que non recupere a parte ou partes da materia suspensa na convocatoria previa á final, deberá realizar un exame global de toda a materia na convocatoria final de xuño. Esta proba, que terá lugar a fins do mes de xuño, consistirá nun exame de carácter teórico-práctico valorado sobre 10 puntos que se axustará aos estándares de aprendizaxe e aos criterios mínimos de avaliación estipulados na presente Programación Didáctica. En termos xerais, esta proba terá a mesma estrutura que as probas ordinarias e a nota será a obtida nela.

No caso de que a situación sanitaria non permitise a realización da dita proba de forma presencial, esta sería sustituída por un cuestionario, "tarefa", etc. realizado a través de medios telemáticos.

### 8.7. Organización das actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

Ao impartirse a materia exclusivamente no nivel de 4º da ESO, non existe alumnado con esta materia pendente.

### 8.8. Criterios de promoción e titulación

Promocionará e titulará aquel alumnado que cumpra os requisitos esixibles pola normativa vixente e segundo os acordos tomados na Xunta de Avaliación.

### 8.9. Contidos mínimos esixidos para aprobar a materia de Latín:

- Marco xeográfico da lingua latina.
- Linguas de España: linguas romances e non romances.
- Palabras patrimonias, cultimos e semicultismos.
- Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

- Orixes do alfabeto latino.
- Formantes das palabras: lexemas e morfemas.
- Tipos de palabras: variables e invariables.
- Concepto de declinación e conxugación.
- Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
- Flexión verbal.
- Elementos da oración tanto a nivel morfolóxico coma sintáctico.
- Casos latinos: nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo, dativo e ablativo.
- Concordancia latina.
- Oracións simples (atributivas e predicativas) e compostas.
- Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.
- Períodos da historia de Roma.
- Organización política e social de Roma.
- A familia romana.
- Mitoloxía e relixión.
- A vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
- Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.
- Análise morfolóxica e sintáctica de textos.
- Comparación de estruturas latinas coas das linguas propias.
- Iniciación ás técnicas de tradución de textos.

- Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- Locucións latinas de uso actual.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entendemos que a atención á diversidade forma parte da nosa práctica diaria na aula, pois temos que ter en conta as distintas capacidades e motivacións do alumnado. Dada a grande diversidade existente entre o noso alumnado -capacidades, intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, contornas socioculturais, etc.- trataremos de adaptarnos ás súas necesidades dentro deste proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais das medidas xerais de atención á diversidade, realizaranse as medidas oportunas de reforzo e apoio educativo no caso de ser preciso, sen ter que modificar os obxectivos propios da materia deste curso; salvo que, por necesidades educativas, así nos sexa indicado dende o Departamento de Orientación do Centro.

As medidas de atención á diversidade que se empregarán serán as seguintes:

- Actividades diversas con distinto grao de dificultade: de reforzo, de ampliación, de avaliación; que lle servirán ao profesorado para atender as necesidades da aula.
- Actividades grupais e individuais para que o alumnado coñeza estas distintas formas de traballo.
- Medidas recollidas no Protocolo de actuación para alumnos con TDAH, tras a recomendación oportuna dende o Departamento de Orientación.

## 10. OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

A acción educativa é unha acción humanizadora que debe favorecer e potenciar a creación de valores e principios admitidos pola sociedade.

A lingua e a súa función de representación da realidade e transmisión da cultura reflicte a realidade do individuo e da sociedade; polo tanto, a materia de Latín é un espazo óptimo para incorporar a transversalidade dos valores educativos á nosa práctica docente; en especial, os temas referentes á súa civilización como a vida no mundo romano ou a súa dimensión sociopolítica e relixiosa que se presta á reflexión e á comparación co mundo actual, fomentando, deste xeito, un xuízo crítico da realidade.

A través deste contidos transversais, traballarase co obxectivo de formar persoas autónomas, que participen socialmente respectando os dereitos humanos.

Estes contidos transversais poderanse traballar mediante a selección de textos que reproduzan situacións que reflictan actitudes, valores e modos de pensar e actuar da época romana, reflexionando así sobre os valores presentes nesa sociedade e comparándoos cos da actual no relativo a aspectos como a vida das mulleres, os escravos, etc.

Tamén fomentaremos o uso do diálogo para a resolución de conflitos, o respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo, actitudes tolerantes, solidarias e non discriminatorias con fin de acadar un clima de respecto, tolerancia, igualdade, resolución pacífica de conflitos e autocrítica. En consecuencia, evitaranse comentarios ou actitudes sexistas, estereotipos que supoñan discriminación por razóns sociais, sexuais, raciais...

Promoverase unha linguaxe axeitada, precisa e non discriminatoria, para lle facer entender ao alumnado a importancia da calidade dos seus propios textos así como dos alleos para conseguir unha comunicación fluída e clara; promoverase tamén a importancia da sensibilidade estética ante producións propias e alleas. E, finalmente, darase importancia ao manexo tanto das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación como da Biblioteca para o desenvolvemento autónomo do individuo.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Procuraremos realizar actividades complementarias e extraescolares coa finalidade de achegar a lingua e cultura latinas ao noso alumnado. Algunhas propostas son:

- Asistencia a algún concerto con música latina.
- Visita didáctica a Lugo para coñecer o seu pasado romano.

## 12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Teranse en conta as seguintes cuestións:

- A necesidade de reorganización tras a súa aplicación na aula en función dos resultados obtidos polo alumnado: nivel de competencia adquirido, vocabulario, resultados das probas e dos exercicios realizados, destreza dos programas informáticos, porcentaxe de alumnado que supera a materia, etc.
- Ao final do proceso de ensino-aprendizaxe, os resultados do alumnado recolleranse na Memoria final do Departamento, podendo funcionar como referencia para unha adaptación ás necesidades reais do estudantado.

**Indicadores de logro do proceso de ensino**

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi o axeitado ás necesidades do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse motivar ao alumnado intelectualmente. | | | | |
| 3. Tomáronse as medidas axeitadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 4. Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 5. Empregaronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 6. Valorouse correctamente a porcentaxe correspondente ao traballo na clase. | | | | |
| 7. Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| alumnado no grupo. | | | | |

**Indicadores de logro da práctica docente**

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. As explicacións son axeitadas á totalidade do alumnado. | | | | |
| 2. Proporciónanse as explicacións requeridas polo alumno individualmente. | | | | |
| 3. As actividades realizadas atenden á diversidade. | | | | |
| 4. A metodoloxía empregada e diversa e adáptase ao contido explicado. | | | | |
| 5. Inclúense actividades individuais e grupais. | | | | |
| 6. Poténciase a competencia lingüística a nivel oral e escrito. | | | | |
| 7. Incorpóranse as TIC ao proceso de ensino. | | | | |
| 8. Facilítase ao alumnado as probas ou exercicios realizados con rapidez. | | | | |
| 9. Corríxense e solvéntanse os erros e dúbidas xerados trala corrección dos exames/probas. | | | | |

## 13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA

Dada a importancia da retroalimentación no proceso de ensino-aprendizaxe, o profesorado realizará unha avaliación a partir de recollida de datos no diario de aula, na memoria da programación, nas revisións en relación aos resultados trimestrais, así como nas reunións periódicas do Departamento. Isto implica que, no caso de xurdir algunha

necesidade de reformulación na programación durante o curso, será recollida e especificada na forma pertinente. Esta avaliación é clave para responder ás demandas necesarias do exercicio docente co fin de optimizar a nosa tarefa.

A final de curso, realizarase unha avaliación final desta programación por medio da Memoria final de curso onde se anotarán todas aquelas incidencias que xurdisen.

Os criterios adoptados para a dita avaliación responderán a estas cuestións:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás necesidades específicas do alumnado.
- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación ás necesidades do alumnado.
- Grao de desenvolvemento da programación didáctica.
- Consecución da adquisición das competencias propostas.
- Revisión da metodoloxía proposta e da súa adaptación ao exercicio docente.
- Revisión dos materiais propostos e/ou empregados.
- Aplicación e uso das TIC.
- Revisión da temporalización.
- Adaptación e eficacia das medidas específicas de atención á diversidade.
- Relación alumno-profesor.

Cando se considere mellorable algún destes aspectos ou outros novos, será necesaria unha reflexión por parte da profesora que leve a atopar as causas do problema e a buscarlle solucións.

As citadas accións recolleranse nas actas do Departamento, así como na Memoria final de curso para ter en conta a elaboración da programación do seguinte curso académico.

## 14. PLAN DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Durante este curso realizaremos as aulas con normalidade previa á pandemia pola Covid-19 posto que xa non se mantén ningunha medida sanitaria excepcional.

Se as circunstancias sanitarias imposibilitasen a impartición da materia con normalidade mediante clases presenciais, seguirían traballándose os mesmos bloques; porén, o enfoque metodolóxico tería que cambiar.

- Docencia semipresencial:

Os contidos teóricos e prácticos estarían á disposición do alumnado a través da aula virtual.

As clases presenciais aproveitaríanse para explicar os contidos teóricos que requerisen dunha maior comprensión e reflexión por parte do alumnado, para resolver as dúbidas que puidesen xurdir das tarefas propostas semanalmente e rpara ealizar as probas escritas.

As clases telemáticas aproveitaríanse para propoñer, na aula virtual, tarefas, traballos, etc. cun prazo de entrega fixado. Ao termo deste, facilitaríanse as solucións coas explicacións necesarias para a corrección por parte do alumnado. Así mesmo, o alumnado, a través da ferramenta "tarefa" da aula virtual, entregaría actividades, traballos, etc, que se corrixirían de maneira individualizada. As dúbidas poderían resolvelas nas clases presenciais ou optar por formulalas no foro, na mensaxería da aula virtual, empregar, no correo electrónico corporativo ou no abalar móbil.

- Docencia non presencial:

Se a docencia tivese que ser non presencial (grupo completo ou alumnos/as de forma individual), empregaríanse os medios telemáticos postos á disposición pola Consellería da comunidade educativa: aula virtual do centro e, se a profesora o considerase oportuno, a plataforma Webbex cando houbese que realizar consultas ou clases virtuais a través de videoconferencia.

Asdo.: María Duro Santos

Asdo.: Carme Fernández García